


**P
R
O
G
R
A
M
A
S**



3º Curso



2019-2020

ÍNDICE

1º Cuadrimestre

Páx

- **Servizos Sociais Especializados (Obrigatoria).....4**
- **Metodoloxía da Investigación Social (Obrigatoria).....7**
- **Traballo Social con Individuos e Familias (Obrigatoria).....10**
- **Soportes Documentais e Xestión da Inform. (Obrigatoria)....14**

2º Cuadrimestre

Páx

- **Política Social e Traballo Social (Obrigatoria).....19**
- **Deseño e Avaliación de Proxectos Interv. Soc (Obrigatoria)...23**
- **Obradoiro de Investigación Social (Obrigatoria).....27**
- ***Prácticas de Investigación en Traballo Social (Obrigatoria).....30***
(sen docencia – só matriculable repetidores)

1º Cuadrimestre

G3171321 - Servizos Sociais Especializados (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Jesús Castro Neo

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender a estrutura e organización dos Servizos Sociais especializados.
- Ser capaz de detectar os mecanismos de exclusión e discriminación no acceso á protección social e formular fórmulas para corrixilos no ámbito dos Servizos Sociais especializados.
- Coñecer e comprender o desempeño profesional dos/ás traballadores/ás sociais nos Servizos Sociais especializados

Contidos

- Servizos Sociais especializados. Organización no ámbito das Administracións públicas.
- Marco xurídico dos Servizos Sociais especializados.
- Servizos Sociais e Sistema de Autonomía Persoal.
- Os Servizos Sociais especializados para sectores de poboación e/ou necesidades sociais específicas. Servizos, programas e equipamentos sociais para:
 - *Persoas maiores
 - *Persoas con discapacidade
 - *Sistema de Autonomía Persoal
 - *Familia e menores
 - * Muller
 - *Persoas con adicción a drogas
 - *Reclusos e ex-reclusos
 - *Minorías étnicas e migracións
- A financiación do Sistema de Servizos Sociais

Bibliografía básica e complementaria

- Alemán, C. e García Serrano, M. (2007). *Servicios Sociales Sectoriales*. Madrid: Ed. Universitaria Ramón Areces.
- Alemán, C., García Serrano, M. e Alonso, J.M. (2011). *Servicios Sociales Públicos*. Madrid:Tecnos.
- Anaut,S.(Coord.),Carbonero,D.e Lopes,C.(2019).*El Sistema de Servicios Sociales en España*.Pamplona:Aranzadi.
- Colom, D. e Miranda, M. (Dir.). (1999). *Poblaciones Y Bienestar social* .Zaragoza: Mira editores.
- Colom, D. e Miranda, M. (Dir.). (1999). *Organizaciones de bienestar Social*.Zaragoza:Mira Editores.
- Garces Ferrer , J. (Coord.). (1996). *Sistema político y administrativo de los servicios sociales*. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch.
- Santos, J. (2012). *El Cuarto Pilar. Un nuevo relato para los servicios sociales*. Madrid: Consejo General del Trabajo Social e Paraninfo.

WEB de consulta:

http://www.mitramiss.gob.es/es/el_ministerio/index.htm

Competencias

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinálase que esta materia contribúe a alcanzar as seguintes competencias, para alcanzar os obxectivos propostos para a titulación:

Competencias xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
- Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.
- Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.
- Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementar.

Competencias transversais:

- .- Capacidade de análise e síntese.
- .- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- .- Capacidade de razoamento crítico.
- .- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- .- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A docencia está organizada en 38 horas distribuídas en sesións na aula, e impartidas ao grupo grande. Outras 9 horas a cada grupo en que se subdivide o grupo grande, distribuídas ao longo do período lectivo en 6 sesións na aula de 1 hora e 30 minutos de duración cada unha, e sesións de 1 hora de titoría presencial en grupos reducidos. Nas sesións na aula a docencia será de tipo expositivo, con menor participación activa do alumnado, e de tipo interactivo en que si o alumnado terá unha participación máis activa.

Docencia expositiva: A través de exposicións na aula e dando lugar á participación, a profesora explicará aspectos básicos e centrais de cada tema establecido no programa, achegando información esencial e delimitando conceptos, resaltando os aspectos relevantes e as relacións entre eles.

Docencia interactiva: O alumnado individualmente ou organizado en equipos de traballo desenvolverá actividades que requirirán unha participación activa na construción do seu propio coñecemento. Realizarase a lectura/visionado e análise de textos ou material audiovisual con debate titorizado e / ou preguntas na aula. Utilización de bibliografía, fontes estatísticas ou outros materiais vinculados ao programa académico e complementario á teoría impartida na asignatura, ben proporcionado pola profesora ou buscados e achegados polo alumnado, con exposicións por parte de este dos traballos a realizar na aula. Ademais o/a alumno/a terá que realizar un traballo de curso en grupo segundo as pautas específicas a indicar pola profesora.

Titorización presencial en grupos reducidos: sesións presenciais nas que o/a profesor/a dinamiza, orienta, e supervisa o traballo autónomo do alumnado en grupos reducidos. Así mesmo, permite facer un seguimento e orientación do alumnado na realización das tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento persoal ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías se orienta e asesora sobre as actividades e tarefas propostas ao alumnado. Así mesmo resolveranse dúbidas que se lle poidan presentar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Sistema de avaliación

A valoración da aprendizaxe enténdese como un proceso a través de que se comproba o nivel do logro en relación aos obxectivos sinalados. Toda valoración a realizar responde a unha parte do contido do programa da materia.

A avaliación da materia realizarase mediante unha avaliación continua e a realización dunha proba parcial e exames finais.

A proba escrita e exames finais oficiais terá un valor de 75% sobre a cualificación global, e cumprirá acadar unha puntuación mínima de 4 para poder sumar a puntuación obtida na avaliación continua.

A avaliación continua terá un valor do 25%, e realizarase sobre actividades do alumnado elaboradas a nivel individual ou grupal nas sesións interactivas, e sobre a base de:

1 PUNTO POR: asistencia (na guía da materia especificarase a ponderación)

1,5 PUNTOS POR:

- .-Elaboración de traballos e / ou exposición dos mesmos na aula.
- .-Lectura e análise de textos, e / ou visionado e análise de material audiovisual .
- .-Intervencións, reflexións, e análise sobre cuestións expostas na aula.

As actividades realizadas na aula non son recuperables fora das sesións docentes establecidas, agás que a non asistencia estea xustificada dentro dos supostos legais establecidos.

Teranse en conta para valorar as actividades anteriores criterios como:

- .-Participación activa en clase, tanto espontánea como estruturada, e calidade das mesmas
- .-Capacidade creativa.
- .-Entrega en prazo das actividades propostas.

A USC é unha Universidade presencial, e o alumnado ten o deber de asistir regularmente ás actividades lectivas programadas.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e as causas polas que se pode xustificar a non asistencia a clase son as establecidas na Regulación que para tal fin aprobou a USC e as normas propias do centro.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación de faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

Nas situacións previstas que imposibilitan manter a dinámica da avaliación continua presencial o alumnado poderá solicitar a dispensa de asistencia, polo procedemento establecido polo centro e nos prazos fixados. Nestas situacións realizaranse as actividades que oportunamente sexan fixadas co correspondente sistema de avaliación.

Os traballos individuais ou grupais realizados polo alumnado terán que ser orixinais. Calquera traballo copiado suporá un suspenso na materia ata a seguinte convocatoria. Para os efectos de avaliación un mesmo traballo non poderá ser utilizado en varias materias, non sendo que as actividades se programen de forma coordinada.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

- .-Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas
- .-Exercicios: 15 horas
- .-Lectura de textos: 15 horas
- .-Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas
- .-Preparación de exposicións orais: 4 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da asignatura necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada da docencia para aclarar e orientar sobre bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese para o/a alumno/a.

Observacións

A asignatura pertence á "Materia: "Servizos Sociais"" dentro do "Módulo: O contexto Institucional do Traballo Social".

Recoméndase ter cursadas as asignaturas "Historia dos Sistemas de Benestar Social", "Fundamentos de Política Social" e "Servizos Sociais Comunitarios".

G3171322 - Metodoloxía da Investigación Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: Teresa Facal Fondo

Programa

Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender os métodos e técnicas de investigación social e a súa aplicación ao Traballo Social.
- Saber xestionar a información a partir dunha diversidade de fontes.
- Ser capaz de interpretar datos sobre necesidades e problemas sociais, e sobre os resultados do Traballo Social, desde unha perspectiva non androcéntrica nin etnocéntrica.
- Ser capaz de avaliar as diferencias de punto de vista na recollida de información e a fiabilidade e importancia da información recollida.
- Ser capaz de aplicar os diferentes modelos de investigación, diagnóstico e avaliación en Traballo Social ao longo das súas fases.

Contidos

- I. O método científico. Concepto e características da investigación social.
- II. Investigación e Traballo Social.
- III. O proceso de investigación. Fases dunha investigación. O proxecto de investigación.
- IV. A poboación obxecto de estudo. Teoría e deseño de mostras.
- V. A obtención de datos. Principais técnicas de recollida de datos.
- VI. O tratamento dos datos.
- VII. A presentación de resultados: o informe de investigación.

Bibliografía básica e complementaria

- Balcells e Junyent, J.(1994). *La Investigación Social. Introducción a los métodos y las técnicas*. Barcelona: PPU.
- Callejo, J. (Coord.), Del Val,C., Gutierrez,J. e Viedma,A.(2009). *Introducción a las técnicas de Investigación Social*. Madrid: Ramón Areces.
- Caparrós, N. e Raya, E. (Coords.) (2015). *Métodos y técnicas de investigación en Trabajo Social*. Madrid: Grupo 5.
- Cea D´Ancona, Mª A.(1996). *Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social*. Madrid: Síntesis Sociología.
- Facal, T. (2015). *Guía para elaborar un proyecto de investigación social*. Madrid: Paraninfo.
- Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). *El análisis de la realidad en la intervención social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid:CCS.
- Sierra Bravo, R.(1985). *Técnicas de investigación social. Teoría y Ejercicios*. Madrid: Paraninfo.

Competencias

No Plan de Estudos do Título de grao en Traballo Social, indícase que as competencias ás que contribúe esta materia son as seguintes:

Competencias xenéricas:

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que abranguen unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

- Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de aplicación dos coñecementos de informática
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A proposta metodolóxica pretende conxugar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas e co traballo autónomo.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia levarase a cabo mediante avaliación continua e proba escrita. Esta última terá un peso do 65% sobre a cualificación global e poderá superarse mediante a proba liberatoria que terá lugar antes de rematar o período de docencia ou ben na convocatoria oficial de exame. Para poder presentarse á proba liberatoria é necesario contar cunha asistencia a clase igual ou superior ao 50% nas sesións interactivas, asistencia contabilizada ata quince días antes da realización de dita proba. Si se supera a proba escrita pero non se teñen entregado ou non resultan aptos outros traballos e/ou exercicios obrigatorios, gardarase a nota obtida ata a derradeira convocatoria dese curso, pero non para cursos posteriores.

A avaliación continua, pola súa parte, ten un peso do 35% e sumárase á nota obtida na proba presencial, sempre que esta proba se teña superada con unha cualificación mínima de apto.

CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA:

- Asistencia a clases : 0,60.
- Supostos prácticos: 2,40.
- Elaboración do proxecto de investigación: 0,50 puntos.

Total: 3,5 puntos

En caso de non asistir ás sesións presenciais nas que se realicen tarefas puntuables, si estas faltas se xustifican debidamente, poderán compensarse nas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora.

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA:

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de Asistencia a Clases nas Ensinanzas Adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia poderá compensar as faltas coa realización de exercicios de análise de textos, que deberá entregar por escrito á profesora.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua conservarase en cursos posteriores a non ser que algunhas destas actividades sexan eliminadas e/ou incorporadas outras novas; neste caso, deberán realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, si cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actualizada.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 40 horas

Exercicios: 24 horas

Lectura de textos: 10 horas

Proxecto de investigación: 25 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Se recomenda ter cursada a materia de Investigación e Diagnóstico en Traballo Social.

G3171323 - Traballo Social con Individuos e Familias (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: Lourdes Besada Agra

Programa

Obxectivos da materia

- Ser capaz de analizar a natureza das relacións entre profesionais e usuarios, e as potencialidades e dificultades que as marcan, tendo en conta os aspectos relativos ao xénero e a diversidade cultural.
- Coñecer os principais métodos e técnicas para interactuar con individuos e familias para promover cambios e desenvolver as súas capacidades e mellorar as súas oportunidades vitais.
- Coñecer os modos de intervir con persoas e familias para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, e para promover a participación dos usuarios nos procesos e servizos de Traballo Social.
- Coñecer os modos de implicar aos usuarios nos servizos de Traballo Social para incrementar os seus recursos, a súa capacidade e o seu poder para influír nos factores que afectan as súas vidas.
- Ser capaz de desenvolver os principais métodos de apoio individual e familiar.
- Ser capaz de promover redes sociais para facer fronte ás necesidades.
- Ser capaz de aplicar as estratexias de resolución de conflitos por medio da negociación e a mediación.
- Ser capaz de defender ás persoas e familias e actuar no seu nome se a situación o require.
- Ser capaz de identificar os comportamentos de risco.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os resultados.

Contidos

TEMA I: O individuo e a familia como unidade de intervención en Traballo Social.

TEMA II: A perspectiva ecosistémica de intervención. A perspectiva estrutural e evolutiva da familia. A familia como sistema de relación.

TEMA III: Recollida de información e análise do sistema individual-familiar. As técnicas e a análise operativa da familia. A avaliación familiar.

TEMA IV: A relación de axuda e o proceso de cambio. A entrevista: As técnicas. Instrumentos e competencias de intervención individual-familiar. A visita ao fogar.

TEMA V: Sistemas e contextos de intervención: institución, cliente e traballador/a social.

TEMA VI: A familia en situación de dificultade sociofamiliar. A familia multiproblemática. A vulnerabilidade e a situación de risco e/ou exclusión social.

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica

Bermudez, C. e Brik, E. (2010). *Terapia familiar sistémica. Aspectos teóricos y aplicación práctica*. Madrid: Síntesis.

Blanco, A. e Rodríguez, J. (2007). *Intervención psicosocial*. Madrid: Pearson Educación.

Campanini, A. (2012). *La intervención sistémica. Un modelo operativo para el servicio social*. Buenos Aires: Miño y Dávila.

- Ceberio, M.R. (2018). *El genograma. Un viaje por las interacciones y juegos familiares*. Madrid: Morata S.L.
- Coletti, M. e Linares, J. L. (Comp.) (1997). *La intervención sistémica en los Servicios Sociales ante la familia multiproblemática: La experiencia de la ciutat Vella*. Barcelona: Paidós.
- Cruz, B., Bembibre, J. e Barranco, J. (Coords.). (2015). *Herramientas para la reflexión de la práctica de la intervención social*. Granada: El genio maligno.
- Fernández i Barrera, J. (Coord.). (2016). *La intervención con familias desde el trabajo social*. Madrid: Grupo 5.
- Fernández Barutell, L. (2013). *Intervención con familias y atención a menores en riesgo social*. Madrid: Mc. Graw Hill.
- Fernández, T. e Ponce de León, L. (2012). *Trabajo social individualizado. Metodología de intervención*. Madrid: Ediciones Académicas.
- Fonbuena, J. (2012). *El trabajo social y sus instrumentos. Elementos para una interpretación a piacere*. Valencia: Nau Llibres.
- García González, A.J. (Coord.). (2016). *Competencias sociales en las relaciones interpersonales y grupales*. Madrid: Pirámide.
- Goldrik, M. e Gerson, R. (1987). *Genogramas en la evaluación familiar*. Barcelona: Gedisa.
- Gómez Gómez, F. (2010). *Intervención social con familias*. Madrid: McGraw-Hill.
- Guinot, C. e Ferran, A. (Eds). (2017). *Trabajo Social: arte para generar vínculos*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- Hidalgo, A. (2011). *Trabajo social con familias. Reflexiones y sugerencias*. A Coruña: Gesbiblo.
- Ituarte, A. (Coord.) (2017). *Prácticas del Trabajo Social Clínico*. Valencia: Nau Llibres
- Jurado, T. (Ed.). (2012). *Cambios familiares y trabajo social*. Madrid: Ediciones académicas.
- Martín-Sacristán, J.M., Garrido, M. e Rodríguez, L. (2012). *Salud Familiar. Fundamentos, evaluación y aplicaciones para el trabajo con familias en riesgo psicosocial*. Madrid: CCS
- Martínez González, M.C., Álvarez González, B. y Fernández Suárez, A.P. (2015). *Orientación familiar. Contextos, evaluación e intervención*. Madrid: Sanz y Torres.
- Minuchin, P., Colapinto, J. e Minuchin, S. (2000). *Pobreza, Institución, Familia*. Buenos Aires: Amorrortu editores
- Moreno, A. (2014). *Manual de terapia sistémica. Principios y herramientas de intervención*. Bilbao: Desclée De Brouwer.
- Nuñez Bustos, M. (2012). *Intervención Familiar*. Madrid: Grupo 5.
- Ramos, R. (2015). *Terapia narrativa con familias multiproblemáticas*. Madrid: Morata.
- Rossell, T. e Rodríguez, P. (2017). *La entrevista en el trabajo social*. Barcelona: Herder.
- Segado, S. (2011). *Nuevas tendencias en Trabajo Social con Familias. Una propuesta para la práctica desde el empowerment*. Madrid: Trotta. UNED
- Bibliografía complementaria
- Arranz, E. e Oliva, A. (Coord.). (2010). *Desarrollo psicológico de las nuevas estructuras familiares*. Madrid: Pirámide.
- Fernández, T. e Ponce de León, L. (2011). *Trabajo social con familias*. Madrid: ediciones académicas.

Competencias

COMPETENCIAS XENÉRICAS:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento nese campo.
- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que atinxen ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

- Establecer relacións profesionais ao obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.
- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Saber responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.
- Adquirir habilidades para interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promocionar o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen ao obxecto de preparar a finalización da intervención.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e cos colegas profesionais negociando o subministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Desenvolver aptitudes para saber apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver.
- Adquirir facultades para promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o

fortalecemento das habilidades de relación interpersoal.

- Coñecer e utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa e complementaria de conflitos en diversos ámbitos, tales como o familiar, escolar, comunitario e intercultural.
- Desenvolver habilidades para defender ás persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o require.
- Diferenciar e actuar na resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza do mesmo.
- Desenvolver aptitudes para traballar de maneira eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinarios e multiorganizacionais co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de maneira construtiva os posibles desacordos existentes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de resolución de problemas.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para as relacións interpersoais.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía empregada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas e titoría presencial en grupo reducido.

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Na titoría presencial en grupo reducido, dinamízase, oriéntase e supervísase o traballo autónomo do alumnado, ao tempo que permite facer o seguimento e orientación na realización de tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento individual e colectivo da docencia expositiva e interactiva.

Sistema de avaliación

A proba escrita ou exame terá un valor do 70% sobre a cualificación global e o peso da avaliación continua será do 30%. A avaliación continua terase en conta sempre que os/as alumnos/as alcancen unha puntuación do exame ou proba escrita igual ou superior a 2,8 sobre 7.0.

A avaliación final terá en conta o desenvolvemento de actividades do alumnado, individual ou grupalmente, en relación aos aspectos que a continuación se relacionan:

- Exame: 7 puntos. Se poderán realizar exames parciais, neste caso a cualificación final será a media das notas parciais obtidas, sempre que a puntuación en cada un dos parciais sexa igual ou superior a 2.8. O alumnado que suspenda o/os exames terá que examinarse de toda a materia na convocatoria na que se presente.
- Asistencia a clases interactivas nas que se traballará a discusión, reflexión e análise de casos ou supostos prácticos, de documentos ou textos bibliográficos, realizacións de rolle-playing: 2 puntos
- Traballo, individual ou grupal dos/as alumnos/as a realizar fora da aula: 0.8 punto. É requisito indispensable ter realizado este traballo para poder ser avaliado da materia.
- A asistencia á titoría en grupo reducido: 0.2 puntos.

O sistema de control de asistencia a clases é o establecido polo centro a tales efectos.

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases interactivas, e teña concedida a dispensa de asistencia, realizará un traballo, a determinar entre o/a alumno/a e a profesora, que entregará por escrito e procederá a súa defensa.

Poderán producirse cambios no sistema de avaliación da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para o aprendizaxe.

Tempo de estudo e traballo persoal

Traballo persoal do alumno/a (total 99 Horas)

- Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 Horas.
- Exercicios: 15 Horas.
- Lectura de textos: 10 Horas.
- Elaboración de traballos, visualización do material: 20 Horas.
- Outras tarefas propostas: Análise de familias no cine: 4 Horas.

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia as clases expositivas é de especial importancia para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase que no desenvolvemento temporal da materia o/a alumno/a manteña un contacto periódico coa profesora para a clarificación de conceptos e a orientación bibliográfica axeitada para facilitarlle que poida afondar naquelas parcelas do seu interese.

Recomendacións previas:

Ter cursadas as asignaturas de Fundamentos do Traballo Social; Historia do Traballo Social; Ética e Traballo Social; e Habilidades Sociais e de Comunicación en Traballo Social.

G3171324 - Soportes Documentais e Xestión da Información en Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Elena Puñal Romarís

Programa

Obxectivos da materia

- Ser capaz de utilizar claves verbais e non verbais para guiar a interpretación.
- Adquirir habilidades para deseñar soportes documentais e documentar os procesos de intervención social, entre elas as de elaborar, presentar e compartir historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais.
- Ser capaz de establecer un contacto efectivo con individuos e organizacións por medio da palabra falada e escrita, en papel e por medios electrónicos; e facelo de forma correcta e clara cun estilo adecuado aos destinatarios, á finalidade e ao contexto da comunicación.
- Ser capaz de xestionar un debate e avaliar os puntos de vista e as probas aportadas por outros.
- Ser capaz de aplicar as tecnoloxías da comunicación e a información na prestación de servizos.

Contidos

- Linguaxe verbal e non verbal. Uso da palabra falada e escrita, en papel e por medios electrónicos. Deseño e xestión de sistemas de rexistro de información. Deseño e uso de soportes documentais. Utilización da información: recolleita, estruturación, presentación, almacenamento, localización e consulta.
- Soportes documentais de rexistro de información: Ficha Social, Historia Social básica, Historia Social Única Electrónica (HSUE), Folla de Seguimento, Rexistro de Entrevista, Rexistro de Visitas a Domicilio, Rexistro de Traballo con Grupos, Proxecto de Intervención de Casos, Follas de Derivación, Folla de Rexistro de Demanda e Intervención, Diario de Campo, Axenda de Traballo, Ficha de Recursos, Memoria de Actividades.
- O Informe Social como documento específico e propio do/a Traballador/a Social.
- Ferramentas para dar cumprimento á normativa de tratamento de datos de carácter persoal. Modelos de Consentimento Informado.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Caño, C., Escoda, E., Herraiz, D. e Rejas, L. (2012). *El Informe Social. Teoría y Práctica*. Valencia: Tirant Humanidades.

Decreto 89/2016, de 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica. (2016)
Recuperado de https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160727/AnuncioG0425-120716-0001_es.html

Consejo General del Trabajo Social. (2012). *Código deontológico del Trabajo Social*. Madrid: Autor.

Fernández Cano, A. M. e Jiménez Sánchez, A. (2002). *El Informe Social. Cuestiones a debate*. Córdoba: Colegio Oficial Diplomados en T.S. y A.S. de Córdoba.

Fernández Cano, A. M. e Jiménez Sánchez, A. (2006). *El Informe Social. Cuestiones a debate*. Málaga: Colegio Oficial Diplomados en T.S. y A.S. de Málaga.

Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales. (2018). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2018-16673>

Lima, A. I. e E Maya, A. (Coords). (2018). *Protección de datos en servicios sociales. Guía para profesionales*. Madrid: Consejo General de Trabajo Social.

Munuera, M. P. (2012). El Informe Social: Imagen de la intervención psicosocial en la documentación profesional del trabajo social. En J. Fombuena (Coord.). *El Trabajo Social y sus instrumentos. Elementos par una interpretación a piacere*. Nau Llibre: Valencia.

Reglamento General de Protección de Datos 2016/679, de 27 de abril. Diario Oficial de la Unión Europea, L 119, de 4 mayo de 2016. Recuperado de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/legislacion/union_europea/reglamentos/index-ides-idphp.php

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Agencia Española de Protección de Datos. (s.d.). *Protección de datos. Guía para el Ciudadano*. Recuperado de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/publicaciones/common/Guias/GUIA_CIUDADANO.pdf

Agencia Española de Protección de Datos. (2017). *Guía del Reglamento General de Protección de Datos para responsables de tratamiento*. Recuperado de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/temas/reglamento/common/pdf/guia_rgpd.pdf

Agencia Española de Protección de Datos. (2017). *Guía para el cumplimiento del deber de informar*. Recuperado de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/temas/reglamento/common/pdf/guia_rgpd.pdf

Agencia Española de Protección de Datos. (s.d.). *Guía para centros educativos. Guías sectoriales AEPD*. Recuperado de <http://www.tudecideseninternet.es/agpd1/images/guias/GuiaCentros/GuiaCentrosEducativos.pdf>

Agencia Española de Protección de Datos. (2018). *Protección de datos y Administración Local. Guías sectoriales AEPD*. Recuperado de http://www.agpd.es/portalwebAGPD/canaldocumentacion/publicaciones/common/Guias/2018/Guia_Proteccion_datos_Administracion_Local.pdf

Garcés, E. e Miranda M. (1991, Abril). Reflexiones en torno al Informe Social. *Trabajo Social y Salud*, 8, 117-133.

Guinot, C. (Coord.). (2008). *Métodos, técnicas y documentos utilizados en Trabajo Social*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Pérez Rivero, L. (2000). La documentación específica en trabajo social. La historia, la ficha y el informe social, *Cuadernos de Trabajo Social*, 13, 75-90.

Regalado J. (2017). *El Informe Social. Prototipo para profesionales del Trabajo Social*. Recuperado de <http://www.mittrabajoessocial.com/el-informe-social-prototipo-para-profesionales-del-trabajo-social-dejonathan-regalado/>

Rodríguez Otero, L.M., Tamez, B., Zúñiga, M. e Mancinas, S.E. (2017). *Herramientas para construir el expediente social desde el Trabajo Social*. Monterrey: Red Pública.

Competencias

COMPETENCIAS XENÉRICAS

- Saber aplicar esos coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

- Ser capaces de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas ao Traballo Social a un público tanto especializado como non especializado.

- Ter adquirido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grado de autonomía.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

- Coñecer estratexias para intervir con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas acerca das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos.

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.

- Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes.

- Xestionar, presentar e compartir historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

- Capacidade de análise e síntese

- Capacidade de organización e planificación

- Capacidade de comunicación oral e escrita

- Capacidade de xestión da información

- Capacidade de razoamento crítico

- Capacidade de aprendizaxe autónoma

- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal.

Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia realízase mediante unha avaliación continua e a superación dun exame escrito. Realizarase unha proba escrita eliminatória da materia.

A avaliación mediante exame ten un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%.

É necesario acadar a puntuación mínima de Apto no exame para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA: 4 ptos.:

- Asistencia: 1,5 ptos (Clases expositivas: 0,7, clases interactivas: 0,7 e titoría en grupo reducido:01)

- Tarefas prácticas: 2,5 ptos.

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e pola asistencia ás clases.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o alumnado ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada a acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 10 días hábiles, para solicitar á profesora a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua poderase conservar en cursos posteriores non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido á profesora da materia (malenas@euts.es)

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora, (ver tarefas por dispensa de asistencia na web da materia).

O alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto coa profesora, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior á 10 días desde a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudio autónomo individual ou en grupo: 40 horas

Exercicios: 25 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar o alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese.

Recomendacións previas: Ter cursadas as asignaturas de Fundamentos de Traballo Social; Historia do Traballo Social; Ética e Traballo Social; e Habilidades Sociais e de Comunicación en Traballo Social.

Observacións

Respecto á bibliografía recoméndase tamén consultar a que se presenta na Guía da materia, posto que é mais completa que a que se inclúe neste programa pola limitación de espazo.

2º Cuadrimestre

G3171325 - Política Social e Traballo Social (O Contexto Institucional do Traballo Social) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Jesús Castro Neo

Programa

Obxectivos da materia

.-Ser capaz de valorar as consecuencias e implicacións que diferentes orientacións en política social teñen para o Traballo Social, así como as achegas do Traballo Social ao deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas sociais.

.-Ser capaz de analizar a natureza dos mecanismos que vehiculan as políticas sociais e as consecuencias de cada un deles en termos de resultados e efectos sobre a desigualdade.

.-Ser capaz de distinguir e recoñecer a articulación de mercado, familia, sociedade civil e estado nas sociedades de benestar e as súas implicacións para o deseño e resultados das políticas.

.-Saber identificar as principais tendencias actuais en materia de política social.

.-Coñecer, comprender e ser capaz de avaliar a articulación territorial e sistémica das políticas de benestar social e os resultados en termos de deseño, implantación e avaliación destas.

Contidos

I.- Política Social, Estado de Benestar e Traballo Social .Consecuencias e implicacións que diferentes orientacións en política social teñen para o Traballo Social.

II.- Relacións entre Política Social e Traballo Social. Achegas do Traballo Social ao deseño, desenvolvemento e avaliación das políticas sociais.

III.- Mecanismos para a aplicación das políticas sociais: resultados e efectos sobre a desigualdade e a exclusión social.

IV.- Políticas Sociais sectoriais en España: sanidade pública, protección social e emprego, vivenda, educación, pensións públicas, e servizos sociais.

V.- A articulación territorial das políticas de Benestar Social.

VI.- O gasto en protección social.

VII.- Tendencias actuais en materia de política social.

Bibliografía básica e complementaria

Alemán, C. e Garces ,J.(Coord.).(1996).*Administración Social: servicios de bienestar social*.Madrid: Siglo XXI.

Alemán C. e Garces ,J.(Coord.).(1998).*Política Socia*. Madrid: McGraw-Hill

Alonso-Olea,B. y Medina,S. (2014).*Derecho de los servicios publicos sociales*.Pamploa:Civitas.

Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en trabajo Social y Asistentes Sociales. (1986).*4 Siglos de acción social de la beneficencia al bienestar social*. Madrid: Autor.

Fernández García, T. e Alemán , C. (Coord.). (2003). *Introducción al trabajo social*.Madrid: Alianza Editorial.

Fernández García, T. e Garcés , J. (Coord.). (1999). *Crítica y futuro del Estado de Bienestar*.Valencia: Tirant lo Blanch.

Fernández García, T e De la Fuente, Y. (Coord.) .(2009). *Política Social y Trabajo Social*. Madrid:Alianza Editorial.

Garces , J.(Coord.). (1996). *Sistema político y administrativo de los servicios sociales*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Gutierrez Resa, A. e Garcés ,J. (Coord.) .(1999). *Los servicios sociales en las Comunidades y Ciudades Autónomas*. Valencia: Tirant lo Blanch.

Navarro,V.(Coord.). (2004).*El Estado de Bienestar en España*. Madrid:Tecnos.

Pino del, E. e Rubio, M.J. (Eds.).(2013). *Políticas sociales en perspectiva comparada*.Madrid:Tecnos.

Torres López,J.(2019).*La renta básica*.Barcelona:Deusto.

Webs de consulta:

<https://www.lamoncloa.gob.es/Paginas/index.aspx>

<https://www.xunta.gal/portada>

Competencias

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinálase que esta materia contribúe a acadar as seguintes competencias, para lograr os obxectivos propostos para a titulación:

Competencias xenéricas:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión:

-Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

-Ter capacidade para administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización.

-Adquirir facultades para contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.

-Adquirir habilidades para participar na xestión e dirección de entidades de benestar social.

- Ter capacidade para integrar os principios e normas do Código Deontolóxico de Traballo Social e demostrar competencia no exercicio do mesmo.

-Coñecer e aplicar as boas prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que as implementan.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese.

- Capacidade de comunicación oral e escrita.

- Capacidade de razoamento crítico.

- Capacidade de aprendizaxe autónoma.

- Capacidade de motivación pola calidade.

Metodoloxía da ensinanza

A docencia está organizada en 38 horas distribuídas en sesións no aula e impartidas ao grupo grande. Outras 9 horas a cada grupo nos que se subdivide o grupo grande, distribuídas ao longo do período lectivo en 6 sesións no aula de 1 hora e 30 minutos de duración cada unha, e sesións de 1 hora de titorización presencial en grupos reducidos.. Nas sesións na aula a docencia será de tipo expositivo, con menor participación activa do alumnado, e de tipo interactivo nas que si o alumnado terá unha participación máis activa.

Docencia expositiva: A través de exposicións no aula e dando lugar á participación, a profesora explicará aspectos básicos e centrais de cada tema establecido no programa, aportando información esencial e delimitando conceptos, resaltando os aspectos relevantes e as relacións entre eles.

Docencia interactiva: O alumnado individualmente ou organizado en equipos de traballo desenvolverá actividades que requirirán unha participación activa na construción do seu propio coñecemento. Realizarase a lectura/visionado e análise de textos ou material audiovisual con debate titorizado e/ou preguntas no aula. Utilización de bibliografía, fontes estatísticas ou outros materiais vinculados ao programa académico e complementarios á teoría impartida na asignatura, ben proporcionadas pola profesora ou buscados e aportados polo alumnado, con exposicións por parte de este dos traballos a realizar no aula. Ademais o/a alumno/a terá que realizar un traballo de curso en grupo segundo as pautas específicas a indicar pola profesora.

Titorización presencial en grupos reducidos: sesións presenciais nas que o/a profesor/a dinamiza, orienta, e supervisa o traballo autónomo do alumnado en grupos reducidos. Así mesmo, permite facer un seguimento e orientación do alumnado na realización das tarefas e actividades derivadas do desenvolvemento persoal ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías oriéntase e asesorase sobre as actividades e tarefas propostas ao alumnado. Así mesmo resolveranse dúbidas que se lle poidan presentar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Sistema de avaliación

A valoración da aprendizaxe enténdese como un proceso a través do que se comproba o nivel do logro en relación aos obxectivos sinalados. Toda valoración que hai que realizar responde a unha parte do contido do programa da materia.

A avaliación da materia realizarase mediante unha avaliación continua e a realización dunha proba parcial e exames finais.

A proba escrita e exames finais oficiais terá un valor de 75% sobre a cualificación global, e cumprirá acadar unha puntuación mínima de 4 para poder sumar a puntuación obtida na avaliación continua.

A avaliación continua terá un valor do 25%, e realizarase sobre actividades do alumnado elaboradas a nivel individual ou grupal nas sesións interactivas, e sobre a base de:

1 PUNTO POR : asistencia (na guía da materia especificarase a ponderación)

1,5 PUNTOS POR:

- .-Elaboración de traballos e / ou exposición dos mesmos na aula
- .-Lectura e análise de textos, e / ou visionado e análise de material audiovisual
- .-Intervencións, reflexións, e análise sobre cuestións expostas na aula

As actividades realizadas na aula non son recuperables fora das sesións docentes establecidas, agás que a non asistencia estea xustificada dentro dos supostos legais establecidos.

Teranse en conta para valorar as actividades anteriores criterios como:

- .-Participación activa en clase, tanto espontánea como estruturada, e calidade das mesmas
- .-Capacidade creativa
- .-Entrega en prazo das actividades propostas

A USC é unha Universidade presencial, e o alumnado ten o deber de asistir regularmente ás actividades lectivas programadas.

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e as causas polas que se pode xustificar a non asistencia a clase son as establecidas na Regulación que para tal fin aprobou a USC e as normas propias do centro.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación de faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable.

Nas situacións previstas que imposibilitan manter a dinámica da avaliación continua presencial o alumnado poderá solicitar a dispensa de asistencia, polo procedemento establecido polo centro e nos prazos fixados. Nestas situacións realizaranse as

actividades que oportunamente sexan fixadas co correspondente sistema de avaliación.

Os traballos individuais ou grupais realizados polo alumnado terán que ser orixinais. Calquera traballo copiado suporá un suspenso na materia ata a seguinte convocatoria. Para os efectos de avaliación un mesmo traballo non poderá ser utilizado en varias materias, non sendo que as actividades se programen de forma coordinada.

Tempo de estudo e traballo persoal

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

.-Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

.-Exercicios: 15 horas

.-Lectura de textos: 15 horas

.-Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas

.-Preparación de exposicións orais: 4 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da asignatura necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para posicionar ao alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada da docencia para aclarar e orientar sobre bibliografía necesaria para afondar en aspectos de maior interese para o/a alumno/a.

Observacións

A asignatura pertence á "Materia: Políticas Sociais e Traballo Social" dentro do "Módulo: O contexto Institucional do Traballo Social".

Recoméndase ter cursadas as asignaturas "Historia dos Sistemas de Benestar Social" e "Fundamentos de Política Social".

G3171327 – Deseño e Avaliación de Proxectos de Intervención Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulaciones de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesora: M^a Elena Puñal Romarís

Programa

Obxectivos da materia

- Ser capaz de aplicar os métodos de valoración das necesidades e as opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Ser capaz de deseñar, implementar e avaliar plans de intervención coas persoas atendidas e outros profesionais negociando o uso de servizos e revisar a eficacia de devanditos plans.
- Ser capaz de usar a tecnoloxía xeral da xestión de proxectos de intervención social: análise, diagnóstico, planificación, execución e avaliación.
- Ser capaz de detectar e afrontar situacións de crises valorando a súa urxencia, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados.

Contidos

- A formulación de proxectos de intervención social no proceso de programación.
- Modelos de proxectos de intervención social.
- Elementos constitutivos do deseño de proxectos: Fundamentación, obxectivos, destinatarios, actividades, recursos, orzamento e avaliación.
- A implementación, a execución e a avaliación de proxectos de intervención social. Formulación e análise de indicadores de avaliación.

Bibliografía básica e complementaria

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

García Herrero, G. e Ramírez Navarro, J.L. (1996). *Diseño y evaluación de proyectos sociales*. Zaragoza: Certeza.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

Aguilar, M. J. e Ander Egg, E. (1986). *Administración y ejecución de programas de Trabajo Social*. Buenos Aires: Humanitas.

Aguilar, M. J. e Ander Egg, E. (1990). *Administración de programas de Acción Social*. Vitoria-Gasteiz: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco.

Aguilar, M. J. e Ander Egg, E. (1992). *Evaluación de Servicios y Programas Sociales*. Madrid: Siglo XXI.

Aguilar, M.J. (2013). *Trabajo Social. Concepto y metodología*. Madrid: Paraninfo- Consejo General de Trabajo Social.

Amezcuca, C. e Jiménez, A. (1996). *Evaluación de Programas Sociales*. Madrid: Díaz de Santos.

- Ander Egg, E. (1991). *Introducción a la Planificación* (13ª ed.). Madrid: Siglo XXI.
- Ander Egg, E. (2009). *Metodologías de acción social*. Buenos Aires: Lumen-Humanitas.
- Aylwin, N., Jiménez, M. e Quezada, M. (1982). *Un enfoque operativo de la Metodología de Trabajo Social*. Buenos Aires: Humanitas.
- Beaudelux, E. (1992). *Guía metodológica de apoyo a proyectos y acciones para el desarrollo. De la identificación a la evaluación*. Madrid: IEPALA.
- Callejo, J. e Viedma, A. (2006). *Proyectos y estrategias de Investigación Social: la perspectiva de la intervención*. Madrid: McGraw-Hill.
- Cohen, E. e Franco, R. (1993). *Evaluación de Proyectos Sociales*. Madrid: Siglo XXI.
- Conde, R. (1998). *Trabajo Social Experimental*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- Diéguez, A. J. (Coord.). (2002). *Diseño y Evaluación de Proyectos de intervención socioeducativa y Trabajo Social comunitario*. Buenos Aires: Espacio Editorial.
- Espinoza, M. (1983). *Evaluación de Proyectos Sociales*. Buenos Aires: Humanitas.
- Espinoza, M. (1984). *Programación*. Buenos Aires: Humanitas.
- Fernández, T. e Ares, A. (Coords.). (2002). *Servicios Sociales: Dirección, gestión y planificación*. Madrid: Alianza Editorial.
- Fernández García, T. e Ponce, L. (Dirs.) (2016). *Elaboración, gestión y evaluación de proyectos sociales. Intervención social y programación*. Madrid: Pirámide.
- García Herrero, G. e Ramírez Navarro, J.M. (2006). *Manual práctico para elaborar proyectos sociales*. Madrid: Siglo XXI.
- Pérez-Llantada, M.C. e López de la Llave, A. (1999). *Evaluación de programas de Salud y Servicios Sociales: Metodología y ejemplo*. Madrid: Dykinson.
- Pérez Serrano, G. (2016). *Diseño de proyectos sociales. Aplicaciones prácticas, para su planificación, gestión y evaluación*. Madrid: Narcea
- Piñeiro, A. (1991). *Establecimiento de un sistema de evaluación de los servicios sociales. Indicadores*. Valencia: Conselleria de Treball i Seguretat Social.
- Robertis, C. de (1988). *Metodología de la Intervención en Trabajo Social*. Buenos Aires: Ateneo.
- Rossi, P. H. e Freeman, H. E. (1989). *Evaluación. Un enfoque sistemático para programas sociales*. México: Trillas.
- Rozas, M. (1998). *Una perspectiva teórica metodológica de la intervención en Trabajo Social*. Buenos Aires: Espacio Editorial.
- Rueda, J. M. (1993). *Programar, implementar proyectos y evaluar. Instrumentos para la acción*. Zaragoza: Certeza.
- Sarasola, J.L., Malagón, J.L. e Barrera, E. (2010). *Mediación: Elaboración de proyectos*. Madrid: Tecnos.

Competencias

COMPETENCIAS XENÉRICAS:

- Saber aplicar esos coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos

científicos propios.

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grado de autonomía.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o suministro de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas ao obxecto de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes.
- Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de toma de decisións
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia presencial de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal.

Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Sistema de avaliación

A avaliación da asignatura realízase mediante unha avaliación continua e a realización de probas parciais e exame final.

Realizaranse probas escritas eliminatorias da materia, no caso de non superalas ou non presentarse a elas se avaliarán nas convocatorias finais de exames. As probas parciais superadas gárdanse para as convocatorias finais do curso, pero non para cursos posteriores.

As probas escritas e exame final teñen un peso do 65% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 35%.

É necesario acadar a puntuación mínima de Apto nas probas parciais e exames para poder sumarlle a puntuación pola avaliación continua.

PUNTUACIÓN MÁXIMA DA AVALIACIÓN CONTINUA: 3,5 ptos.

- Asistencia: 1,3 ptos. (Clases expositivas: 0,6, clases interactivas: 0,6 e titoría en grupo reducido: 0,1).
- Tarefas prácticas: 2,2

Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa práctica e pola asistencia a clases

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o alumnado ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da

tarifa compensatoria no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada a acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 10 días hábiles, para solicitar á profesora a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua poderase conservar en cursos posteriores non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido á profesora da materia (malenas@euts.es)

SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nos ensinos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios e traballos de análise de textos seleccionados que deberá entregar por escrito e defenderá nunha titoría previamente acordada coa profesora, (ver tarefas por dispensa de asistencia na web da materia).

O alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto coa profesora, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior á 10 días desde a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposición: 4 horas

TOTAL: 99 horas

Recomendacións para o estudo da materia

A asistencia ás clases é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar ao alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese.

Recomendacións previas: Ter cursada a asignatura de Investigación e Diagnose en Traballo Social.

Observacións

Respecto á bibliografía recoméndase tamén consultar a que se presenta na Guía da materia, posto que é mais completa que a que se inclúe neste programa pola limitación de espazo.

G3171352 – Obradoiro de Investigación Social (O Trabajo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2019/2020

Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulaciones de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso

Profesorado: Xoán Carlos Bascuas Jardón (Coordinador)
M^a Purificación García Álvarez
Ana Isabel Souto Gómez

Programa

Obxectivos da materia

- Aplicar os diferentes modelos de investigación, diagnóstico e avaliación no traballo social ao longo das súas distintas fases.
- Comprender a relación entre investigación, diagnóstico, avaliación e práctica do traballo social.
- Ser capaz de utilizar os métodos e técnicas para avaliar necesidades, capacidades, oportunidades e riscos dos usuarios, grupos e comunidades, incorporando no proceso a participación de persoas ou grupos interesados.
- Ser capaz de analizar e sistematizar a información proporcionada polo traballo diario como base para a revisión e mellora das estratexias profesionais.
- Saber aplicar os coñecementos sobre boas prácticas no traballo social.
- Saber como xestionar información de diversas fontes.
- Ser capaz de aplicar modelos e métodos de avaliación, incluídos os factores que subxacen na selección e verificación de información relevante, a natureza do xuízo profesional e os procesos de avaliación do risco.
- Ser quen de interpretar datos sobre necesidades e problemas sociais e sobre os resultados do traballo social, desde unha perspectiva non androcéntrica ou etnocéntrica.
- Ser capaz de avaliar as diferenzas de punto de vista na recollida de información e na fiabilidade e importancia da información recollida

Contidos

Deseño, xestión e execución dunha investigación no ámbito do Trabajo Social: Elaboración do proxecto, recollida, tratamento e análise dos datos; elaboración do informe de investigación.

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

Baez, J. (2007). *Investigación cualitativa*. Madrid: Esic

Caparrós, N. e Raya, E. (2015). *Métodos y técnicas de Investigación en Trabajo Social*. Madrid: Grupo 5.

Cea d'Ancona, M.A. (1996). *Metodología cuantitativa. Estrategias y Técnicas de Investigación Social*. Madrid: Síntesis S.A.

Corbetta, P. (2008). *Metodología y Técnicas de Investigación Social*. Madrid: Mc Graw Hill.

Facal, T. (2015). *Guía para elaborar un proyecto de investigación social*. Madrid: Paraninfo.

Hernández-Sampieri, R. e Mendoza, C. (2018). *Metodología de la investigación. Las rutas cuantitativa, cualitativa y mixta*. México: Mc Graw Hill Education.

López López, M.T. e Santín, D. (Coords.). (2008). *Análisis de datos en la Investigación Social de la Familia*. Madrid: Cinca.

Rojas, A.J., Fernández, J.S. e Pérez, C. (1998). *Investigación mediante encuestas, Fundamentos teóricos y aspectos prácticos*. Madrid: Síntesis S.A.

Ruiz, J. (2007). *Metodología de la Investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Verd, J.M., e Lozares, C. (2016). *Introducción a la investigación cualitativa. Fases, métodos y técnicas*. Madrid: Editorial Síntesis.

Bibliografía complementaria:

- Aguirre, A. (1995). *Etnografía. Metodología cualitativa en la investigación sociocultural*. Barcelona: Marcombo.
- Azofra, M.J. (1999). *Cuadernos Metodológicos. Cuestionarios*, 26.
- Balcells, J. (1994). *La investigación social: Introducción a los métodos y a las técnicas*. Barcelona: PPU.
- Bosch, J.L.C. e Torrente, D. (1993). *Cuadernos Metodológicos. Encuestas telefónicas y por correo*, 9.
- Denzin, N.K. e Lincoln, Y.S. (Ed.). (2012). *Manual de investigación cualitativa. Volumen II: paradigmas y perspectivas en disputa*. Barcelona: Editorial Gedisa.
- Durán, M.M. (2010). Apuntes sobre la presentación de artículos cualitativos. *Aquichan*, 10(1),1-3.
- García, M.M. e Mateo, I. (2000). El grupo focal como técnica de investigación cualitativa en salud: diseño y puesta en práctica. *Atención Primaria*, 25(3), 181-186.
- Harvatpoulos, Y., Livan, Y. F. e Sarnin, P.H. (1992). *El arte de la encuesta*. Bilbao: Deusto.
- Hernández, R., Fernández, C. e Baptista, P. (2010). *Metodología de la investigación*(5ª ed.). Perú: Mc Graw Hill.
- Manzano, V.G., Rojas, A.J. e Fernández, J.S. (1996). *Manual para encuestadores*. Barcelona: Ariel Practicum.
- Mayan, M. (2001). *An Introduction to Qualitative Methods: A Training Module for Students and Professionals*. Alberta: Qual Institute Press International Institute for Qualitative Methodology.
- Pons, I. (1998). *Cuadernos Metodológicos. Programación de la investigación social*, 8.
- Rodríguez, G., Gil, J. e García, E. (1999). *Metodología de la investigación cualitativa. (2ª ed.)*. Málaga: Ediciones Aljibe.
- Rojas, A.J., Fernández, J.S. e Pérez, C. (1998). *Investigar mediante encuestas. Fundamentos teóricos y aspectos prácticos*. Madrid: Síntesis.
- Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). *El análisis de la realidad en la investigaciones social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: CCS.
- Ruiz, J.I. (2012). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Deusto.
- Sánchez, J.J. (1989). *Análisis de tablas de contingencia*. Madrid: CIS/Siglo XXI.
- Tójar, J.C. (2006). *Investigación cualitativa comprender y actuar. Manuales de Metodología de Investigación Educativa*. Madrid: La Muralla.

Competencias

Competencias xerais:

- Saber aplicar estes coñecementos na súa actividade profesional e saber desenvolver e defender argumentos sobre os problemas que afectan ao traballo social, facendo uso de dos seus coñecementos sobre realidade social, teorías, modelos e métodos propios científicos.
- Ter capacidade para recoller e interpretar datos relevantes, facer avaliacións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúen unha reflexión sobre temas actuais de natureza social, científica ou ética.
- Ser capaz de transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relacionadas co traballo social para un especialista e non público especializado
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar formación e aprendizaxe no campo do traballo social cun alto grao de autonomía.

Competencias específicas:

- Avaliar as necesidades e as posibles opcións para orientar unha estratexia de intervención.
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais e as teorías sobre cultura e diversidade cultural.
- Saber xestionar e ser responsable do seu traballo asignando prioridades, cumprindo as obrigas profesionais e avalía a eficacia do propio programa de traballo.
- Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das boas prácticas de traballo social para revisar e actualizar os seus propios coñecementos sobre os marcos.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de organización e planificación
- Capacidade para a comunicación oral e escrita

- Capacidade para aplicar coñecementos informáticos
- Capacidade de xestión da información
- Capacidade de toma de decisións
- Capacidade para traballar en equipo
- Capacidade para as relacións interpersoais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Creatividade
- Capacidade de motivación para a calidade

Metodoloxía da ensinanza

As sesións de aulas expositivas teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado o aprendizaxe autónomo.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

De igual modo, haberá sesións de titorías presenciais en grupos reducidos nos que se desenvolverán actividades formativas de carácter práctico.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

Sistema de avaliación

A avaliación da materia levarase a cabo mediante unha avaliación continua, (na que se inclúe a elaboración dun informe final da investigación) e unha proba escrita.

A proba escrita terá un peso do 30% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua será do 70%. Para poder computar a puntuación da avaliación continua á cualificación final, é necesario obter unha puntuación de apto na proba escrita.

A avaliación continua representa o 70% da cualificación global e para poder computar a puntuación da avaliación continua á cualificación final, é necesario obter unha puntuación de apto nos exercicios da avaliación continua. A avaliación continúa terá en conta a asistencia ás aulas, así como os exercicios que se esixan ao alumnado.

O profesorado fixará na guía da materia os criterios específicos para a valoración de cada un dos aspectos considerados.

As persoas que teñan concedida dispensa de asistencia tamén realizarán o traballo de investigación. Deberán poñerse en contacto coa persoa coordinadora da materia para establecer como se levará a cabo dita investigación.

Tempo de estudo e traballo persoal

Estudio autónomo: 40 horas.

Exercicios: 25 horas.

Lectura de textos: 10 horas.

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas.

Outras tarefas propostas: 4 horas.

Total: 99 horas.

Recomendacións para o estudo da materia

Para o desenvolvemento do proceso de investigación é necesario partir dos coñecementos teóricos e técnicos que se imparten en clases expositivas e interactivas nas materias de Investigación e Diagnóstico en Traballo Social e Metodoloxía da Investigación Social.

Información: Só alumnado repetidor cursos anteriores

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulaciones de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Terceiro Curso – Sen docencia – matrícula só alumnado repetidor

Titor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

Programa

Obxectivos da materia

- Ser capaz de avaliar situacións sociais e recoller, ordenar, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais e os procedementos institucionais.
- Ser capaz de analizar a propia práctica e identificar os seus límites e carencias profesionais, e asumir a responsabilidade da adquisición continuada de coñecementos e destrezas.
- Ser capaz de utilizar adecuadamente a supervisión e sistematizar a práctica.
- Ser capaz de contribuír á promoción de boas prácticas do Trabajo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan.
- Ser capaz de sintetizar información e liñas de razoamento, e soste un argumento detallado ao longo do tempo.
- Ser capaz de presentar conclusións verbalmente e por escrito, de forma estruturada e adecuada á audiencia para a que foran preparadas.
- Ser capaz de elaborar e redactar informes de investigación aplicada ao Trabajo Social e traballos académicos e profesionais utilizando distintas técnicas, incluídas as derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Ser capaz de xestionar dilemas e problemas éticos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados.

Contidos

Deseño, xestión e execución dunha investigación no ámbito do Trabajo Social: Elaboración do proxecto, recollida, tratamento e análise dos datos; elaboración do informe de investigación.

Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

- Cea d'Ancona, M.A. (1996). *Metodología cuantitativa. Estrategias y Técnicas de Investigación Social*. Madrid: Síntesis S.A.
- Corbeta, P. (2008). *Metodología y Técnicas de Investigación Social*. Madrid: Mc Graw Hill.
- Facal, T. (2015). *Guía para elaborar un proyecto de investigación social*. Madrid: Paraninfo.
- López López, M.T. e Santín, D. (Coords.). (2008). *Análisis de datos en la Investigación Social de la Familia*. Madrid: Cinca.
- Rojas, A.J., Fernández, J.S. e Pérez, C. (1998). *Investigación mediante encuestas, Fundamentos teóricos y aspectos prácticos*. Madrid: Síntesis S.A.

Bibliografía complementaria:

- Aguirre, A. (1995). *Etnografía. Metodología cualitativa en la investigación sociocultural*. Barcelona: Marcombo.
- Azofra, M.J. (1999). *Cuestionarios*. Madrid: CIS.
- Bosch, J.L.C. e Torrente, D. (1993). *Encuestas telefónicas y por correo*. Madrid: CIS.
- Harvatppoulos, Y., Livan, Y. F. e Sarnin, P.H. (1992). *El arte de la encuesta*. Bilbao: Deusto.

- Hernández, R., Fernández, C. e Baptista, P. (2010). *Metodología de la investigación (5ª ed.)*. Perú: Mc Graw Hill.
- Manzano, V.G., Rojas, A.J. e Fernández, J.S. (1996); *Manual para encuestadores*. Barcelona: Ariel Practicum.
- Pons, I. (1998). *Programación de la investigación social*. Madrid: CIS.
- Rojas, A.J., Fernández, J.S. e Pérez, C. (1998). *Investigar mediante encuestas: Fundamentos teóricos y aspectos prácticos*. Madrid: Síntesis.
- Rubio, M.J. e Varas, J. (1997). *El análisis de la realidad en la intervención social: Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: CCS.
- Sánchez, J.J. (1989). *Análisis de tablas de contingencia*. Madrid: Siglo XXI.
- Sierra, R. (1985). *Técnicas de investigación social. Teoría y ejercicios*. Madrid: Paraninfo.

Competencias

Competencias xerais:

- Saber aplicar eses coñecementos na súa actividade profesional e saber elaborar e defender argumentos sobre as cuestións que incumben ao Traballo Social, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade social, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.
- Desenvolver as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grado de autonomía.

Competencias específicas:

- Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.
- Saber administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.
- Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das boas prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo.

Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de organización e planificación
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de aplicación dos coñecementos de informática
- Capacidade de traballo en equipo
- Capacidade para as relacións interpersonais
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de creatividade
- Capacidade de motivación pola calidade

Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía a utilizar combinará a realización de tres sesións de aula e catro sesións de seguimento, co traballo do alumnado en pequenos grupos fóra da aula, promovendo así a aprendizaxe autónoma e significativa.

Sistema de avaliación

Exame en data oficial

Tempo de estudo e traballo persoal

Tarefas de documentación: 47 horas
Traballo de campo. 20 horas
Deseño do proxecto: 30 horas
Elaboración do informe: 50 horas
Total: 147